

Comeza a música. Todo empeza cunha respiración, unha pequena pulsión de aire que sae dos meus pulmóns, marco o ritmo que seguirá a melodía. Comeza a primeira nota, aquela corchea, movo o arco impulsando con forza para que a nota acolla unha gran inmensidade. Comeza a melodía, harmonía, afinación, cada pequeno son que emitía aquel instrumento era esencial no conxunto da obra. Movemento lento, largo, sensible, os arrepíos recorren as miñas costas mentres sinto aqueles sons, como navallas, como lume, como tensión, que remata na cadencia de perfectos acordes que conclúen a obra de arte. Vibrato, trino, ritenuto, niente, nada, a nada máis absoluta onde aínda queda un indicio daquela preciosa secuencia de sons.

Respiro, fondo, internamente, dende o máis profundo da miña alma, exhalo, dou a entrada. Allegro con spirito. Forza, enerxía, potencia, os meus brazos son cabalos que corren polo máis extenso da estepa. Sen freno, rápido, cada vea palpita cun ritmo constante. Frase, impulso tres notas nun mesmo arco. Si, Re, Sol. Tres musas do Olimpo que veñen a contar os segredos máis sagrados. Oráculo de Delfos, comeza a progresión. Adornos. Decoración que embelece o máis exento daquela melodía. Efémeros silencios, respiración axitada. Forte, FORTISSIMO. Semicorcheas, rápidas, incesantes, como cinzas de lume que corren na noite de San Xoán cara a maxia das estrelas, bailando incesantes no escuro ceo. Unha branca, xigante, apoteósica, a fundamental daquel manuscrito chamado tonalidade. As últimas notas. Soñando, vibran, o instrumento échese, toma vida, fala por si mesmo, créase un mundo daquelas tres notas, as ondas chegan ata as antípodas, contentando os oídos dos que saben escoitar. Rematou, o son vaise disipando, van cedendo as vibracións. Silencio. Obra de arte.